

ACTA NÚMERO: 11/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 25 DE MARZO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 25 de marzo de 2022 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación das actas das reunións dos días 10 de marzo de 2022 (Reunión 09/2022) e 17 de marzo de 2022 (Reunión 10/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo durante o ano 2022. (Expte.- 2022003748).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería 2022. (Expte.- 2022003542).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).*
6. *Aprobación da valoración dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución. (Expte.- 2021039099).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución. (Expte.- 2021039099).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo



Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP., e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación das actas das reunións dos días 10 de marzo de 2022 (Reunión 09/2022) e 17 de marzo de 2022 (Reunión 10/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente os días, 10 de marzo de 2022 (Reunión 09/2022) e 17 de marzo de 2022 (Reunión 10/2022).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo durante o ano 2022. (Expte.- 2022003748).

Por Resolución Presidencial número 2022001983 de data 16/03/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo e o seu Calendario no 2022.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 17/03/2022.

A empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) presentou a proposición con data 21/03/2022 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	81.611,57 €
IVE (21 %)	17.138,43 €
Importe ofertado con IVE	98.750,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) no procedemento negociado sen publicidade e



exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo durante o ano 2022.

3. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería 2022. (Expte.- 2022003542).

O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno de data 4 de marzo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do seguro de responsabilidade civil /patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de marzo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación do sobre único, a Mesa de Contratación acorda admitir a única empresa que presentou oferta: Mapfre España SA

Os valores ofertados pola empresa, Mapfre España S. A., foron os seguintes:



1.- Prima total anual ofertada:

Prima neta	96.754,51 €
Imposto primas de seguros (IPS) 8%	7.740,36 €
Otros impostos, gastos, tasas ou recargos repercutibles	145,13 €
Prima total anual ofertada	104.640,00 €

2.- Franquía xeral por sinistro ofertada: 600 €.

3.- Porcentaxe de incremento de capital asegurado por sinistro e anualidade na cobertura de Responsabilidade civil xeral sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 40 %.

4.- Porcentaxe de incremento de capital asegurado de sublímite por vítima en Responsabilidade civil patrimonial sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 25%.

5.- Inclusión da cobertura de Responsabilidade civil publicitaria cun límiete de 300.000,00 e por sinistro e anualidade: Si.

6.-Inclusión da cobertura de responsabilidade civil de protección de datos cun límite de 300.000,00 € por sinistro e anualidade:Si.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.-2021039471).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2022001120 de data 15 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de febreiro de 2022, aparecendo publicado o día



23 de febreiro de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 038-097418), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25 de febreiro de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)

5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).*

A Mesa de Contratación na reunión do día 25 de marzo de 2022 procedeu a apertura do sobre "A", correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- CANON ESPAÑA SAU (NIF: A28122125)



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

6. Aprobación da valoración dos sobres “A”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución. (Expte.-2021039099).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL de data 1 de marzo do 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de *Dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 1 de marzo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas particulares.

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de marzo do 2022, procedeu á apertura electrónica da documentación presentada nos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e con criterios de valoración non automática, presentados polas empresas que presentaron a súa oferta, dentro do prazo establecido, na plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra.

Unha vez examinada pola Mesa de Contratación a documentación xeral presentada polas empresas licitadoras no sobre A, a empresa admitida foi XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124), non resultando ningunha non admitida.

No mesmo acto, os membros da Mesa de Contratación, por unanimidade, acordaron trasladar a documentación avaliable mediante criterios de valoración non automática ao persoal técnico do servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, para que



avalíe e pondere a proposta seguindo os criterios de adxudicación non automáticos establecidos no prego administrativo regulador do procedemento.

Con data 21 de marzo do 2022, o servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emitiu informe de avaliación, de conformidade cos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor establecidos ao efecto na cláusula 9.1 do prego económico-administrativo, do que resultaron as seguintes puntuacións:

		XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124)
SOBRE A		
1. Proposta funcional e de desenvolvemento técnico do servizo, ata un máximo de 20 puntos, que se distribuirán conforme aos seguintes subcriterios:		16
a)	Servizo de xeración de novos entregables dixitais, ata un máximo de 10 puntos.	8
b)	Servizo de dixitalización, ata un máximo de 10 puntos.	8
2. Plan de traballo, ata un máximo de 3 puntos.		2
3. Plan de calidade, ata un máximo de 1 punto.		0,75
4. Xestión e control do servizo, ata un máximo de 1 punto.		0,25
TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 25 puntos)		19

A Mesa de Contratación, en base ao referido informe do servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, de data 21 de marzo do 2022 (CSV: 6WDFODWQWH155D56), acorda:

Prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa admitidas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de *Dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución.*



7. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución. (Expte.-2021039099).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes da puntuación acadada pola empresa presentada e admitida no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución, e que é a seguinte:

	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124)
SOBRE A	
1. Proposta funcional e de desenvolvemento técnico do servizo, ata un máximo de 20 puntos , que se distribuirán conforme aos seguintes subcriterios:	16
a) Servizo de xeración de novos entregables dixitais, ata un máximo de 10 puntos.	8
b) Servizo de dixitalización, ata un máximo de 10 puntos.	8
2. Plan de traballo, ata un máximo de 3 puntos.	2
3. Plan de calidade, ata un máximo de 1 punto.	0,75
4. Xestión e control do servizo, ata un máximo de 1 punto.	0,25
TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 25 puntos)	19

A continuación comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “B”, correspondente os criterios de valoración automática presentado pola empresa que continúa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do devandito servizo, ao acadar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	88.500,00 €
IVE (21%):	18.585,00 €
Importe total ofertado:	107.085,00 €

- Ampliación do prazo de garantía de 1 ano máis ao prazo de garantía de 1 ano establecido nos pregos, resultando un período de garantía de 2 anos.
- Mellora de entrega de Software de rexeneración de novos entregables dixitais para uso interno e o hardware asociado.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes os criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124)
SOBRE B	
1. Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 45 puntos.	3,48



2. Ampliación do período de garantía, 10 puntos.	10
3. Mellora de entrega de Software de rexeneración de novos entregables dixitais para uso interno e o hardware asociado , 20 puntos.	20
TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 75 puntos)	33,48

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificar das ofertas presentadas e admitidas a este procedemento aberto simplificado do seguinte xeito:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124)	19 puntos	33,48 puntos	52,48 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución á empresa XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124) polo prezo ofertado de 107.085,00 € (IVE engadido), de acordo co detalle seguinte:

Prezo sen o IVE:	88.500,00 €
IVE (21 %):	18.585,00 €
Prezo total:	107.085,00 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 3722. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.



- 3)** Facultar ao secretario da Mesa para que proceda a requirir, mediante comunicación electrónica, á empresa XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (CIF: B-70.220.124), proposta como adxudicataria, para que, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío do requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:
- Poder debidamente bastantado da persoa que asina a proposición en nome da empresa.
 - Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.
 - Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato.
 - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por valor de 4.494,50 euros.
- 4)** Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

